

Annie Ernaux

Memoria de rapaza



rinoceronte

I know it sounds absurd but please tell me who I am.

SUPERTRAMP

Unha cousa máis, di ela. Non me avergoño de nada do que fixen. Amar e dicilo non ten nada de vergoñento.

Non era verdade. A vergoña da súa debilidade, da súa carta, do seu amor, continuaría devorándoa, consumíndoa ata a fin da súa vida.

No fin de contas non doía tanto!, non chegaba ao punto de non poder soportarse en segredo, sen que se notase. Todo iso era experiencia. Era algo saudable. Agora podería escribir un libro, Roddy sería un dos personaxes; ou dedicarse en serio á música; ou matarse.

ROSAMOND LEHMANN

Resposta no po

Hai seres que quedan somerxidos pola realidade dos outros, o seu xeito de falar, de cruzar as pernas, de acender un cigarro. Envisgados na presenza dos outros. Un día, máis ben unha noite, son arrastrados ao desexo e á vontade dun único Outro. O que crían ser esvaécese. Disólvense e miran como o seu reflexo actúa, obedece, arrastrado no curso descoñecido das cousas. Sempre levan atraso con respecto á vontade do Outro. Esta sempre vai por diante. Non a alcanzan nunca.

Nin submisión nin consentimento, soamente o abraio ante o real que fai que simplemente se diga «que me está a pasar» ou «é a min a quen lle está a pasar», só que nesa circunstancia xa non hai un eu, ou xa non é o mesmo. Só existe o Outro, amo da situación, dos xestos, do momento sucesivo, que só el coñece.

Despois o Outro vaise, deixaches de gustarlle, xa non lle interesas. Abandónate xunto co real, por exemplo, unha braga manchada. Xa non se ocupa máis ca do seu propio tempo. Estás só co que xa é o teu costume de obedecer. Só nun tempo sen amo.

Entón resúltalles doado a outros engaiolarte, precipitarse no teu baleiro, non lles negas nada, apenas os sentes. Agardas polo Amo, que che conceda a graza de tocarte polo menos unha vez. Faino, unha noite, cos plenos poderes sobre ti que todo o teu ser suplicou. Ao día seguinte xa non está. Tanto ten, a esperanza de volver atoparte con el converteuse na túa razón de vivir, de vestirse, de cultivarte,

de aprobar os exames. El volverá e serás digno del, aínda máis, impresionaralo coa túa nova beleza, sabedoría, seguridade, co contraste entre o que es e o ser indiferente que eras antes.

Todo o que fas é para o Amo que te deches en segredo. Pero, sen darte de conta, ao traballar para aumentar o teu valor, afástaste inexorablemente del. Tomas conciencia da túa loucura, non queres volver velo nunca máis. Xúrate que o vas esquecer todo e que nunca llo vas contar a ninguén.

Era un verán sen ningunha particularidade meteorolóxica, o do regreso do xeneral De Gaulle, do franco novo e dunha nova República, de Pelé campión do mundo de fútbol, de Charly Gaul vencedor do Tour de Francia e da canción de Dalida «A miña historia é a historia dun amor».

Un verán inmenso como o son todos ata os vinte e cinco anos, antes de que se acurten en veranciños cada vez máis rápidos cuxa orde confunde a memoria, deixando subsistir só os veráns espectaculares de seca e de canícula.

O verán de 1958.

Como os veráns precedentes, unha pequena parte da mocidade, a máis afortunada, baixou cos pais ao sol da Costa Azul, mentres que outra, a mesma pero escolarizada no instituto de Saint-Jean-Baptiste-de-La-Salle, colleu o transbordador en Dieppe para perfeccionar seis anos de inglés balbucinte aprendido nos manuais pero nunca falado. Outra máis, con moitas vacacións e pouco diñeiro, constituída por alumnos de instituto, estudantes universitarios e mestres, marchou a ocuparse dos nenos das colonias instaladas por todo o territorio francés, en casaróns e mesmo en castelos. Fosen onde fosen, as rapazas metían na maleta un paquete de compresas preguntándose, entre temerosas e desexosas, se ese sería o verán en que se deitarían por primeira vez cun rapaz.

Ese verán tamén partiron miles de rapaces que estaban facendo o servizo militar, como soldados, para restablecer a

orde en Alxeria, a primeira vez que se afastaban das súas casas, en moitos casos. Escribiron decenas de cartas onde falaban da calor, do *djebel*, dos *duars*¹, dos ignorantes árabes que despois de cen anos de ocupación aínda non falaban o francés. Mandaron fotos súas en pantalón curto, rindo, cos compañeiros, nunha paisaxe seca e rochosa. Parecían scouts de excursión, calquera pensaría que estaban de vacacións. As rapazas non lles facían preguntas, coma se as «intervencións» e as «emboscadas» relatadas nos xornais e na radio concernisen a outros, e non a eles. A elas resultáballes natural que cumprisen co seu deber de rapaces e que, como se rumoreaba, atasen unha cabra a unha estaca para aliviar as súas necesidades físicas.

Viñeron de permiso, trouxeron colares, mans de Fátima e unha bandexa de cobre, volveron marchar. Cantaron «Le jour où la quille viendra» coa melodía da canción de Gilbert Bécaud «Le jour où la pluie viendra»². Finalmente regresaron ás súas casas nos catro puntos cardinais de Francia, obrigados a facer amigos novos que non foran ao *bled* e non falaban nin de *fellouzes* nin de *crouillats*³, que eran virxes da guerra. Atopáronse desfasados, enmudecidos. Non sabían se o que fixeran estaba ben ou mal, se debían sentir orgullo ou vergoña.

1 Un *djebel* é un macizo montañoso, e un *duar*, un pequeno poboado árabe. (Todas as notas son do tradutor.)

2 É dicir, substituían a letra orixinal «O día que chegue a chuvia» por «O día que chegue a cartilla do servizo militar» (o documento que certifica que se cumpriu o servizo militar obrigatorio).

3 O *bled* era o termo que designaba as aldeas do interior de Alxeria. Os *fellouzes* eran os seguidores da Fronte de Liberación Nacional alxeriana. *Crouillat* é un termo despectivo para referirse aos árabes do norte de África.